

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso dunha valoración de discapacidade

Expediente: G.6.Q/29034/17

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] referente ao retraso dunha valoración de discapacidade.

#### ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que o 19/01/2017 ten presentado ante a Consellería de Política Social unha solicitude de recoñecemento do grao de discapacidade. A Orde do 25 de novembro de 2015 da Consellería de Política Social, pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, establece un prazo máximo de tres meses desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a instrución e resolución do expediente. Ante aquel incumprimento “remitiu escrito de queixa e reclamación ante o Presidente da Xunta de Galicia, como responsable máximo do cumprimento das normas de competencia da Autonomía de Galicia, escrito presentado con data 25/09/2017. Nin sequera tivo resposta. É evidente o incumprimento da normativa aplicable que está a realizar a Xunta de Galicia, polo que debería adoptar as medidas que procedan, dentro das súas competencias”.

2. Ante iso requirimos información á Consellería de Política Social, que nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

“... Segundo a información facilitada pola Sección de Cualificación e Valoración da discapacidade de Coruña, unidade administrativa competente na tramitación do expediente, [REDACTED] presentou solicitude de revisión da súa situación de discapacidade o 19/01/2017.

A súa solicitude non está incluídas en ningunha das situacións consideradas de tramitación preferente segundo o artigo 16 da Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o

procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes (DOG n° 236 do 11/12/2015) xa que ten recoñecido un grao de discapacidade con carácter definitivo e solicita un aumento no dito grao.

Neste momento, segundo a Orde do 25 de novembro de 2015, estanse a resolver as solicitudes que teñen a consideración de urxentes e as que teñen unha data de entrada no rexistro correspondente máis antiga no tempo.

En consecuencia, tendo en conta a data de entrada, a consideración da solicitude como de tramitación non prioritaria e o fluxo actual na tramitación dos expedientes, non é posible programar a cita ata o 2º semestre do ano 2018”.

#### ANÁLISE

1. Coa información achegada confírmase o expresado na súa queixa, isto é, que o procedemento se atopa retrasado; iniciouse o 19/1/17 e non se resolverá, previsiblemente, ata o segundo semestre de 2018 (sen concretar), é dicir, polo menos un ano e medio despois.

2. A situación de atraso nas valoracións e resolucións dos expedientes de recoñecemento de situación de discapacidade é coñecida a través deste e doutros expedientes, e, como pode apreciarse, o problema continúa, sen que se dera solución. O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas, que prexudican os cidadáns afectados.

3. Estes problemas foron tratados en diferentes informes ao Parlamento de Galicia e seguen sen solución, como o demostra a presente queixa. A consellería adoita alegar que os atrasos se dan en casos que non considera prioritarios e que non producen efectos prexudiciais debido a que as consecuencias das valoracións se retrotraen á data da solicitude. Porén, comprobamos que en moitos casos teñen efectos prexudiciais.

A consellería anunciou medidas para afrontar este problema, que novamente se comproba que aínda non resultaron efectivas, razón pola que iniciamos unha actuación de oficio coa finalidade de coñecer os seus resultados.

4. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos

discapitados aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a Administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

*Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto desta queixa, relativo á valoración e recoñecemento da situación de discapacidade do reclamante, posto que se atopa atrasado, de tal maneira que non se produzan demoras prexudiciais; e que con carácter xeral se executen as medidas anunciadas para resolver o importante retraso que se produce nas valoracións de discapacidade.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes dea conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente,

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo